

Vilanova de Alba, antiga capital das rías, no mar de Santiago, volve a ser o territorio simbólico que Freixanes escolle, no seu retorno á ficción, para revivir un momento singular e esquecido da historia de Galicia; se noutroira o autor presentara esa nobre vila adobiada con roupaxes lendarias, coma espello de glorias marítimas e de descubertas, os acontecementos que desta vez relata son “feitos probados e confirmados” que transcorren a finais dos 40 e principios dos 50, na época do wolfram, “días de moita calamidade”. A partida de cartas que se celebra nunha afastada pousada, o eixo da novela, representa o grande envite final que preludia o definitivo esvaemento non só de Vilanova, senón tamén dun mundo.

A obra preséntase dividida en tres partes, tres versións que mutuamente se completan; no limiar, o narrador define o seu relato –“memoria do que so-

mos”– coma un cantar de cego, rexistro oral que recolle historias que andan ceibas. El mesmo introdúcese no espazo da ficción e lembra cando e como escoitou por vez primeira os feitos que agora escribe. Na segunda sección, a máis extensa, detállanse as circunstancias do suceso e das vidas dos que nel participan, un retrato social da posguerra a través de personaxes característicos, determinados polas consecuencias do conflito e entregados á loita pola supervivencia nese intre de fartura e de miseria extremas, nun es-


cenario construído de silencios, rancores, traizóns, vicios e pecados na loita por acadar un nicho de poder ou, simplemente, un alivio aos rigores do inferno. Presos, fuxidos, caciques, emigrantes, negociantes puteiros, santas na casa, furcias ao seu pesar (esa inxenuidade dos bordeis!), autoridades corruptas, un cura xogador, un poeta namorado... case un cadro de Grosz. Finalmente, na terceira, a instancias do narrador, unha insospeitada testemuña dos feitos rememóraos vinte anos despois, e a súa información permite desvelar

algúns dos interrogantes que, sobre os protagonistas daquela crucial partida de

Con compactos parágrafos

Leixaprén de tempos e espazos

DOLORES MARTÍNEZ TORRES



sete contra sete –e ningún magnífico–, fícaran sen resolver.

Na novela –que naceu dun feixe de contos independentes– conflúen varias liñas a desenvolverse paralelamente, incluídas

Unha linguaxe rica e, á vez, próxima, tesouro de locucións

algúns historias inseridas á marxe da principal. Nun leixaprén de tempos e de espazos, o autor guía e entrecruza os distintos fios narrativos, manexados habilmente e con morosidade –excesiva, quizais, opinarán os amantes da acción–; mais, por riba da anécdota –que isto non é un western, malia o duelo na alta serra e a febre do mineral–, prima aquí o modo en que se conta: cunha linguaxe rica e á vez próxima, tesouro de locucións, e un discurso de compactos parágrafos, densos en aparencia, polos que, porén, resulta moi doado deixarse esvarar. FREIXANES, Víctor, *Cabalo de ouros*, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP: 19 €